

Achegamos información sobre a última reunión da Mesa Delegada do Ministerio.

Oferta de Emprego Público 2025

O Ministerio informa de que aínda non saben cantas prazas van poder cubrir con cargo a OEP 2025 pero que se lle vai dar prioridade aos postos de atención ao público porque así o marca a Dirección Xeral da Función Pública (DGFP).

Mobilidade

A CIG denunciou o que entende que é unha manipulación da cobertura de postos por parte da Policía e co visto e prace do Ministerio. Acaban de ocupar postos en comisión de servizos, cando está prevista a publicación do concurso en breve. A consecuencia de dar estas comisións de servizos é que despois non ofertan os postos para a súa cobertura por concurso porque levan menos dun ano en comisión de servizos.

Concurso xeral da DGP : A súa publicación está prevista para finais de Setembro.

Concursos da Garda Civil: As comisións de valoración constituiranse probablemente o 15 de Xullo.

Persoal interino

A DGFP autorizou a contratación de persoal interino por 9 meses e con destino en unidades de estranxeiría. Maioritariamente irán destinados a Madrid, Barcelona e a zona do Levante, zonas de maior cantidade de poboación inmigrante.

A DGFP denegou a autorización para persoal interino por vacante.

Cobro de atrasos do 0,5%

A previsión é que pague coa nómina de Agosto para todo o persoal que estea agora de alta en nómina.

Climatización na Comisaría Local de Vigo

A CIG lembrou á representación da DGP que este sindicato xa denunciou varias veces no Comité de Seguridade e Saúde de Galicia o problema de temperatura da comisaría. Agora, dado que xa están aprobados os dous orzamentos necesarios para arranxar o sistema de refrixeración, solicitamos que se axilicen os trámites para que se solucione o problema con rapidez.